

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### BUEU

#### Subvencións e axudas

#### *BASES DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2017*

### **BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBES DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BUEU ANO 2017**

#### **1. OBXECTO**

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para fomentar as actividades que no eido deportivo promovan clubs e entidades sen fin de lucro, que poidan ser consideradas de interese para o Concello de Bueu por fomentar unha actividade de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, dirixidas á poboación en xeral de xeito ordinario.

Estas bases están suxeitas ao establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Bueu, publicadas no BOP do 17 de febreiro de 2006. Non se poderá presentar máis dunha solicitude por entidade.

Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas subvencionados con cargo a outras convocatorias de subvencións do Concello de Bueu e as actividades que non cumpran algún dos requisitos das presentes bases.

#### **2. BENEFICIARIOS**

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións e entidades deportivas validamente constituídas sen ánimo de lucro, que teñen o seu domicilio social no Concello de Bueu e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Bueu ou que polo menos teñan feita a solicitude para este Rexistro en data anterior ao remate do prazo para solicitar a subvencións e que cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e en especial, pola natureza da presente convocatoria:

- Ter actividade en deporte base de competición federada en ditas categorías.
- Que desenvolvan a súa actividade como mínimo 10 meses ao ano, con períodos de adestramentos, adestradores e horarios de adestramentos fixos e semanais.
- Que permitan o desenvolvemento da súa actividade a fillos de socios e non socios.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención do Concello de Bueu.
- Atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda municipal, Facendas estatais e autonómicas e Seguridade Social.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

- Non estar inscrito nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a.
- Estar inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións de Concello de Bueu no momento da publicación das bases, ou polo menos ter feita a solicitude para dito Rexistro en data anterior de remate de prazo para solicitar a subvención.
- Non ter superado o 100% do financiamento alleo da actividade mediante outras subvencións ou axudas

Non poderán ser beneficiarios destas subvencións:

- a) Aquelas entidades que non se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Bueu, facendas públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social.
- b) As entidades que non se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no momento da publicación das presentes bases, ou polo menos teñan feita a solicitude para este Rexistro en data anterior ao remate do prazo para solicitar a subvención.

### 3. CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

A subvención non poderá exceder o custo da actividade ou actividades aos que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos, supere o custo total das actividades para desenvolver polo beneficiario.

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través de achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, de ser o caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos. As entidades quedarán obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

### 4. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

A concesión da axuda estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018, convocándose con cargo ao Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2018, ao cal se compromete a imputación da cantidade fixada así como a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.

O Concello de Bueu concederá estas axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades deportivas que organicen asociacións, clubs e entidades sen fin de lucro, cando teñan relevancia para os intereses municipais, durante o exercicio actual e que se financiarán a cargo á aplicación do seu orzamento 340/48901 para o ano 2018 con límite de 29.500 €.

### 5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

As entidades que concorren a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade peticionaria.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

A solicitude, segundo modelo normalizado, presentarase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Bueu, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace: <https://bueu.sedelectronica.gal>

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web

<https://concellodebueu.gal/>

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación xustificativa para avaliar e ponderar a contía da subvención:

### **1. Certificado da Federación correspondente onde conste (Anexo II)**

- Que o club solicitante se atopa na actualidade de alta con actividade propia.
- Número de fichas federativas expedidas na tempada xa rematada e por categorías.
- A categoría na cal militaron os distintos equipos da entidade durante a tempada xa rematada.
- Número de adestradores titulados que imparten os adestramentos nas distintas categorías, acompañados das copias dos seus títulos.
- Memoria económica, asinada polo presidente, onde se detallen os gastos e ingresos anuais da derradeira tempada clasificados por actividades.

### **2. Declaración responsable na que conste (anexo III)**

- Que o club carece de fins de lucro.
- O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que o club non ten débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.
- Que o club comprométese a comunicar ao Concello de Bueu a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

### **3. Certificado de subvencións solicitadas (Anexo IV)**

Os clubs que se demostre que non achegaron datos reais poderán perder o total da subvención. Ditos datos poderán ser contrastados coas federacións correspondentes.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

#### 4. Memoria económica (Anexo V)

Relación de ingresos e gastos anuais da tempada, asinada polo presidente do club.

### 6. PUBLICIDADE

#### 1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As Bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Bueu (<https://concellodebueu.gal/>).
- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Bueu (<https://concellodebueu.gal/>).
- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu e na páxina web do Concello de Bueu <https://concellodebueu.gal/>

#### 2. Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

#### 3. Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Bueu (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc).

#### 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>) nun prazo de quince (15) días naturais contados a partir do seguinte día ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria na Base Nacional de Subvencións, ou por calquera das formas prevista na lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase aos interesados para que no prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos perceptivos, indicando que, en caso de non facelo, terase por desistido e archivaranse as solicitudes sen más trámite.

## 8. CRITERIOS PARA O CÁLCULO DA CONTÍA DAS SUBVENCIONS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da Concellería de Deportes destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación:

1. O reparto de puntos realizarase atendendo ao número de equipos federados segundo a categoría e ao número de fichas federadas dentro de cada categoría. Con este reparto de puntos inténtase premiar aos clubs con maior deporte base.

Os equipos puntúanse segundo a categoría e zona onde compitan seguindo o seguinte baremo:

CATEGORÍA COMPETICIÓN	ZONAL*	PROVINCIAL	AUTONÓMICO	NACIONAL
BENXAMÍN	2	3	4	---
ALEVÍN	2	3	4	---
INFANTÍL	4	5	6	---
CADETE	4	5	6	---
XUVENIL	4	5	6	7
SENIOR	3	4	5	6

As fichas puntúanse segundo a categoría e a zona onde compitan co seguinte baremo para a categoría masculina, e cun 0,1 punto puntos a maiores para as fichas femininas:

CATEGORÍA COMPETICIÓN	ZONAL*	PROVINCIAL	AUTONÓMICO	NACIONAL
BENXAMÍN	0.3	0.4	0.5	---
ALEVÍN	0.3	0.4	0.5	---
INFANTÍL	0.5	0.6	0.7	---
CADETE	0.5	0.6	0.7	---
XUVENIL	0.5	0.6	0.7	0.8
SENIOR	0.4	0.5	0.7	0.8

\* Zonal: con este termo damos cabida ás competicións do ámbito comarca do Morrazo ou unha parte da provincia, é dicir, que non abarque a totalidade da provincia. (Un exemplo é a 2ª rexional de Fútbol como zonal en comparación coa 1ª Rexional de fútbol que si abarca a totalidade da provincia)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>  
Código seguro de verificación: 9ABQUH6II5WZSKZS



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

Deste segundo baremo de puntuación exclúese aos clubs que compitan de forma individual (atletismo, xadrez, etc.) e os clubs marítimos, que só se puntúan 0,7 puntos por ficha, cun 0,1 puntos a maiores por cada ficha feminina. Cada adestrador titulado puntuará tamén con 2 puntos. E os equipos federados seguirán o baremo correspondente.

2. Aqueles clubs que teñan adestradores titulados que dirixan equipos, independentemente da categoría, e o acrediten coa copia do título oficial serán puntuados con 2 puntos máis por cada adestrador titulado, o número máximo de adestradores nunca será maior que o número de equipos de cada club.

3. Os clubs con categoría veterano e que conste con licenza para a competición terán a mesma consideración que os equipos de categoría sénior.

Unha vez puntuados todos os equipos, adestradores e fichas por categorías, sumaranse todos os puntos dos clubs e repartirase a cantidade correspondente.

4. O importe total da convocatoria se distribuirá entre a suma total de puntos acadados na totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

## 9. COMISIÓN AVALIADORA

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Bueu.

De conformidade co disposto na base novena a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención elaborando adicionalmente un informe razoado no que se indiquen os elementos tidos en conta no outorgamento ou non da puntuación. Esta comisión é o órgano colexiado composto polo Concelleiro de Deportes, que actuará como presidente da mesma, e máis un vogal por cada grupo político con representación municipal. Exercerá como secretaria da mesma a técnica de emprego. Nos casos de votacións, estas ponderaranse en función da representatividade dos grupos políticos no Pleno Municipal.

A resolución do procedemento notificaráselle aos interesados conforme o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

Transcorridos seis meses a partir do día seguinte ó da terminación do prazo de presentación das solicitudes sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a solicitude, de conformidade co previsto no art. 25 da Lei Xeral de subvencións.

## 10. XUSTIFICACIÓN

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizadas as actividades, os beneficiarios deberán xustificalas no prazo de trinta (30) días naturais contados a partir do seguinte ao da notificación da subvención.

Para cobraren a subvención, as entidades deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou a través da súa sede electrónica a seguinte documentación:

1. Instancia subscrita polo presidente da entidade dirixida ao alcalde do Concello de Bueu na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na mesma.

2. Conta xustificativa que conterá, con carácter xeral e de acordo co artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 97/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos totais da actividade con identificación do acredor e documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. (conta xustificativa-anexo VI)
- Orixinais ou copias autenticadas das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, xunto coa acreditación de ter realizado o pago. (nas facturas cun importe superior aos 1.000 € debe de presentarse o xustificante de transferencia bancaria)
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (conta xustificativa-anexo IV)
- A acreditación de que no momento da xustificación, o beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias coas Facendas estatal, autonómica e municipal, así como coa Seguridade Social, o que se fará mediante a presentación dos correspondentes certificados no caso das subvencións de máis de 3.000 € e a través da declaración responsable nos demais (excepto no que respecta ao Concello, que comprobará de oficio este requisito).

3. Carteis, folletos ou outra documentación acreditativa da debida divulgación do financiamento da actividade por parte do Concello.

4. Certificación da liquidación do orzamento de ingresos e gastos do club correspondente ao ano 2017.





## 11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

As xustificacións aprobaranse mediante Resolución de Alcaldía. As entidades solicitantes disporán dun prazo de dez (10) días, contados a partir do seguinte á recepción da notificación de dita resolución, para presentar as alegación que consideren. Unha vez transcorrido ese prazo, e solventadas no seu caso as deficiencias que se puideran ter indicado, o Concello de Bueu procederá ao aboamento das subvencións. No caso de que a xustificación aprobada cubriese o 100% do orzamento para o que se pediu a subvención, aboarase a totalidade da mesma. No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do orzamento inicial, aboarase a parte proporcional da subvención.

## 12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As entidades subvencionadas están obrigadas a:

- 1) Destinar a subvención para subvencionar exclusivamente as actividades ou proxectos para a que se solicitou e concedeu.
- 2) Acreditar a realización do proxecto, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da axuda.
- 3) Comunicarlle ao Concello de Bueu a obtención de calquera outra achega económica, institucional ou privada, que reciban con destino á actividade subvencionada.
- 4) Presentar a documentación esixida, así como facilitar calquera comprobación que por parte do Concello se estime conveniente realizar.

## 13. DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos seguintes casos:

- 1) Por obtelas falseando as condicións requiridas
- 2) Por non realizar durante o 2017, a lo menos o 75% das actividades recollidas no proxecto para o que se solicitou e concedeu a subvención.
- 3) Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.
- 4) Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

## 14. INTERPRETACIÓN

A interpretación destas bases correspóndelle a Comisión avaliadora, a cal se encargará de resolver calquera dúbida que puidese xurdir en torno ás mesmas.





Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

## 15. ÓRGANO DE APROBACIÓN

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno por delegación da Alcaldía.

Contra estas bases poderase interpor un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de Xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras a modificación dada pola Lei 9/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Ademais, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entende desestimado.

## 16. DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido nas bases de execución o Orzamento Xeral do Concello de Bueu en vigor durante o exercicio 2018 e na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18/11/2003) e demais lexislación de desenvolvemento.



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

**ANEXO I - SOLICITUDE DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS**

1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
Nome do club deportivo:		CIF:
Modalidade deportiva:		
Nº de rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte:		
O IVE deste club é deducible : <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non		
Correo-e:	Tel:	Móbil:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm:
Provincia:	Localidade:	C.P.:
2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		DNI:
En calidade de:	Móbil:	
3. OBSERVACIÓNS		
<ul style="list-style-type: none"><li>• Fotocopia actualizada do CIF do club deportivo (facilitado pola Axencia Estatal Tributaria).</li><li>• Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal do club.</li><li>• Certificación orixinal da conta bancaria a nome do club.</li><li>• Certificado da Federación (Anexo II).</li><li>• Declaración responsable debidamente cuberta (Anexo III).</li><li>• Certificado de subvencións solicitadas (Anexo IV).</li></ul>		
Sinatura e selo do club:	Bueu, a                    de                    do 20	



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

**ANEXO II - CERTIFICADO FEDERACIÓN**

1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE				
(Nome e apelidos) ..... ,como secretario/a da federación....., CERTIFICA que, segundo os datos que obran nesta federación, o club....., do Concello de Bueu, participa na competición organizada por organismos oficiais ou federacións na tempada ..... coa seguinte estrutura deportiva:				
<b>Número de categorías na tempada xa rematada (marcar con X)</b>  <input type="checkbox"/> Benxamín <input type="checkbox"/> Cadete <input type="checkbox"/> Veteranos <input type="checkbox"/> Alevín <input type="checkbox"/> Xuvenil <input type="checkbox"/> Infantil <input type="checkbox"/> Senior				
COMPETICIÓN	Local	Provincial	Autonómico	Nacional
CATEGORÍA				
Benxamín				
Alevín				
Infantil				
Cadete				
Xuvenil				
Senior				
Veteranos				
<b>Número de licenzas masculinas:</b> Benxamín:                      Alevín: Infantil:                          Cadete: Xuvenil:                          Senior: Veteranos:			<b>Número de licenzas femininas:</b> Benxamín:                      Alevín: Infantil:                          Cadete: Xuvenil:                          Senior: Veteranos:	
<b>Número de adestradores titulados (adxuntar copia dos títulos oficiais):</b>				
2. OBSERVACIÓNS				

<b>Lugar e data:</b>  ..... , a .....de.....do 20	<b>Sinatura e selo:</b>
---	-------------------------

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>  
 Código seguro de verificación: 9ABQUH6II5WZSKZS



### ANEXO III – DECLARACIÓN RESPONSABLE

1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
Nome do clube deportivo:		CIF:
Correo-e:	Tel:	Móbil:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm:
Provincia:	Localidade:	C.P:
2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		DNI:
En calidade de:		
Móbil:		
3. DATOS DA PRESIDENTE OU PRESIDENTA (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)		
Nome e apelidos:		DNI:
Móbil do presidente/a:	Móbil do secretario/a:	
4. DECLARO		
<ul style="list-style-type: none"><li>• O club carece de fins de lucro.</li><li>• O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.</li><li>• Estar ao día coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.</li><li>• Que o club comprométese a comunicar ao Concello de Bueu a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade (Anexo IV).</li></ul>		
Sinatura e selo do club:		
O/A presidente/a		
Bueu, a                      de                      do 20		



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

**ANEXO IV – CERTIFICADO DE SUBVENCIONS SOLICITADAS**

<b>1. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE</b>		
<b>Nome e apelidos:</b>		<b>DNI:</b>
<b>Móbil:</b>		
<b>2. CERTIFICO</b>		
Que o club/entidade..... non ten solicitada ningunha subvención a ningunha outra entidade pública para a mesma finalidade, excepto as que a continuación se indican*:		
<b>ENTIDADE PÚBLICA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>ESTADO DA SOLICITUDE</b>
*Así mesmo, esta entidade comprométese a comunicar ó Concello de Bueu a concesión de calquera axuda ou subvención para a mesma finalidade.		
<b>Sinatura e selo do club:</b>		
O/a secretario/a	Visto e prace, o/a presidente/a	
	Bueu, a	de
		do 20

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>  
Código seguro de verificación: 9ABQUH6II5WZSKZS



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

**ANEXO V – BALANCE DE INGRESOS E GASTOS**

1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
Nome do club deportivo:		CIF:
Correo-e:	Tel:	Móbil:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm:
Provincia:	Localidade:	C.P.:
2. RELACIÓN DE INGRESOS E GASTOS		
BALANCE DE INGRESOS		IMPORTE
Ingresos socios		€
Ingresos patrocinadores		€
Concello de Bueu		€
Fundación Deporte Galego		€
Deputación de Pontevedra		€
Outros (Especificar cales)...		€
		€
		€
		€
		€
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>€</b>
BALANCE DE GASTOS		IMPORTE
Gastos federativos (Licencias e mutualidades)		€
Gastos de material		€
Gastos de desprazamentos		€
Gastos aluguer instalación municipais		€
Outros (Especificar cales)...		€
		€
		€
		€
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>€</b>
Bueu, a                      de                      do 20		
Sinatura do/da tesoureiro/a:	Conforme do/da Presidente/a:	Selo da entidade:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>  
 Código seguro de verificación: 9ABQUH6II5WZSKZS



Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

**ANEXO VI – RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS**

1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE						
Nome do club deportivo:				CIF:		
Correo-e:			Tel:		Móbil:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
Tipo de vía:		Nome da vía:			Núm:	
Provincia:			Localidade:		C.P:	
2. RELACIÓN DE FACTURAS PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN						
Nº factura	Data exped.	CIF Proveedor	Explicación do gasto	Base Imponible	IVE	Data pagamento
TOTAL		Base Imponible		€	IVE	€
Bueu, a de do 20						
Sinatura do/da tesoureiro/a:		Conforme do/da Presidente/a:		Selo da entidade:		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>  
 Código seguro de verificación: 9ABQUH6II5WZSKZS

